

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE MAIO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezoito de maio de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de maio de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- María Elena Blanco Arias

ANTECEDENTES

1. Dona MARÍA ELENA BLANCO ARIAS, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Lalín, solicita con data 26 de febreiro de 2021 (RE-E núm. 58) licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar da Ermida, parroquia de Camba.

2. Achéganse proxectos técnicos básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 05/04/22), redactados polo arquitecto Don Luís Fernández Fernández.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo de núcleo rural” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a rehabilitación dunha edificación existente destinada a vivenda unifamiliar, conservando o volume orixinario da vivenda e as características esenciais e tipolóxicas do edificio
5. As obras proxectadas consisten na demolición dos forxados e tabiques existentes para a redistribución interior da vivenda. Conservaranse os muros de carga de cachotería e a cuberta do inmovible. Os acabados exteriores conformaranse a base de revestimentos de morteiros de cal e area con acabado branco, atendendo a certos detalles como recercados de ocos, esquinas e cornixas en pedra vista. As carpinterías exteriores realizaranse mediante perfís de madeira e a cuberta conservará o seu remate mediante tella cerámica curva do país. Proxéctase, ademais, a demolición dunha terraza e unhas escaleiras exteriores existentes no alzado norte da edificación e conservarase o muro de peche da parcela.

6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. As obras proxectadas solicítanse ao amparo da excepción do cumprimento dos parámetros urbanísticos aplicables, agás o límite de altura, establecida polo artigo 40 da LSG e o artigo 63 do RLSG.
8. As referencias catastrais afectadas polas obras son as seguintes:

000401000NH82D0001GS (inmoble)
36047A086060800000PG (parcela)
9. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CINCUENTA E DOUS MIL EUROS (52.000,00 €).
10. O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 25/05/21, autoriza as obras na ZCP Val de Camba (referencia núm. ██████████).
11. As obras dispoñen de informe favorable, con condicionantes, emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en data 29/12/21 (expediente núm. ██████████).
12. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
13. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
14. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
15. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona MARÍA ELENA BLANCO ARIAS licenza municipal para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar da Ermida, parroquia de Camba, con estrita suxeición aos proxectos técnicos básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 05/04/22), redactados polo arquitecto Don Luís Fernández Fernández, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Previamente ao inicio das obras, o proxecto de execución deberá obter a correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de MIL CORENTA EUROS (1.040,00 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUSCENTOS SESENTA EUROS (260,00 €).

3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— José Fernández Diéguez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 3 de maio de 2022 (RE-E núm. 200), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ FERNÁNDEZ DIÉGUEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS EXTERIORES EN VIVENDA
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 8
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 BLOQUE PECHADO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	6625002NH8262N0001YK
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica redactada polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez, en data 28/04/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	8.745,43 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DEZ (10) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 12/05/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (174,90 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Grupo Ecosar S.L.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 21 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 75), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN	GRUPO ECOSAR S.L.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	GIJÓN (ASTURIAS)
REPRESENTANTE	OTOVO IBERIC S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBJECTO	INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO EN CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE MENOS DE 10 KWP DE POTENCIA NOMINAL
---------	--

LUGAR	BARRIO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	002401100NH81H0001WI
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica e documentación complementaria redactada polo enxeñeiro industrial Don Alejandro González Menéndez, en data xaneiro de 2022
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	5.880,99 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/05/22)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 01/04/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO DEZASETE EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (117,61 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRAS

— Avícola Casa Roxo S.C.

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 11 de setembro de 2019, concedeuse a AVÍCOLA CASA ROXO S.C. licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE NAVE AVÍCOLA, ESTERQUEIRA, PECHE SANITARIO E SOLADO DE FORMIGÓN, con emprazamento no lugar de Coreixas, parroquia da Portela. En data 12/09/19 practicouse a correspondente liquidación do ICIO (9.429,72 €) e da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas (2.357,43 €), calculadas sobre o presuposto de execución material da obra achegado pola solicitante que ascendía á cantidade de 471.485,87 €. Ditas cantidades atópanse pendentes de pago e en período executivo, en virtude de providencia de constrinximento emitida pola Tesourería municipal con data 22/11/19.

Con data 3 de maio de 2022 (RE núm. 701) Don José Moisés Hermida Vence, na representación da sociedade titular da licenza, solicita a súa anulación, desistindo na realización das obras autorizadas. O arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias emite informe con data 12/05/22 acreditando que as obras para as que se lle concedeu licenza non foron executadas.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE NAVE AVÍCOLA, ESTERQUEIRA, PECHE SANITARIO E SOLADO DE FORMIGÓN, con emprazamento no lugar de

Coreixas, parroquia da Portela, instada por AVÍCOLA CASA ROXO S.C., e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 11 de setembro de 2019, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

Segundo.- Comunicar a anulación da licenza no seu día concedida á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, aos efectos oportunos e en relación ao expediente por eles tramitado (██████████).

Terceiro.- Anular a liquidación do ICIO, por importe de NOVE MIL CATROCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (9.429,72 €), practicada pola Intervención municipal en data 12 de setembro de 2019, ao non terse producido o feito impositivo do imposto.

Cuarto.- Denegar a devolución da liquidación pola Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 2.357,43 €, amais dos recargos de prema e xuros de mora liquidados en relación á mesma, por terse producido o feito impositivo da taxa coa prestación dos servizos administrativos de verificación da legalidade das obras proxectadas, previos á concesión da licenza.

5.- APROBACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA DAR CUMPRIMENTO Á CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO

ANTECEDENTES

1. Con data 29 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 312 a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Dita lei entrou en vigor o día 30 de decembro de 2021 (Disposición final terceira).
2. A finalidade da norma legal, en definición do seu Preámbulo, é a redución da taxa de temporalidade rexistrada no emprego público que *“compromete a axeitada prestación dos servizos públicos, na medida en que a temporalidade impide articular políticas de recursos humanos dirixidas a garantir a calidade dos servizos públicos”,* así como *“garantir os principios de eficacia e eficiencia no funcionamento das Administracións Públicas”.*

3. A convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración regúlase especificamente nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei. Respecto da disposición adicional sexta explica o Preámbulo:

“La disposición adicional sexta prevé que las Administraciones Públicas convoquen, con carácter excepcional, conforme a lo previsto en el artículo 61.6 y 7 del Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado Público, por el sistema de concurso, aquellas plazas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 2.1, hubieran estado ocupadas con carácter temporal de forma ininterrumpida con anterioridad a 1 de enero de 2016. Estos procesos, que se realizarán por una sola vez, podrán ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales.

Sobre este concurso como proceso excepcional, cabe traer a colación la doctrina fijada por el Tribunal Constitucional sobre el principio de igualdad en el acceso a los cargos y empleos públicos (artículo 23.2 CE), que únicamente puede ser exceptuada por razones excepcionales y objetivas. Además, este acceso ha de ordenarse de manera igualitaria en la convocatoria mediante normas abstractas y generales con el fin de preservar la igualdad ante la ley de la ciudadanía, lo que obliga al legislador y a la Administración a elegir reglas fundadas en criterios objetivos y presididos por los cánones de mérito y capacidad que el artículo 103.3 CE dispone (SSTC 67/1989, 27/1991 y 60/1994).

Entre las condiciones que, de acuerdo con la jurisprudencia constitucional, han de darse para que no quepa apreciar infracción alguna del principio de igualdad de acceso a cargos y empleos públicos del artículo 23.2 de la Constitución se encuentran, en primer lugar, que se trate de una situación excepcional; segunda, que sólo se acuda a este tipo de procedimientos por una sola vez, pues de otro modo se perdería su condición de remedio excepcional y tercero, que dicha posibilidad esté prevista en una norma con rango legal (STC 12/1999, de 11 de febrero de 1999).

Con esta disposición adicional se da amparo normativo al concepto jurisprudencial de interinidad de larga duración superior a cinco años, que por su carácter de normativa básica, resulta de aplicación al conjunto de las Administraciones Públicas y garantiza la igualdad en todo el territorio.

La previsión contenida en esta Ley para que las Administraciones Públicas puedan convocar el concurso extraordinario y excepcional para aquellas plazas ocupadas temporalmente durante cinco años o más, cumple con los antedichos requisitos jurisprudenciales que además, en todo caso, es razonable, proporcionada y no arbitraria, afectando a todas las plazas de carácter estructural ocupadas de forma temporal e ininterrumpida con anterioridad a 1 de enero de 2016 a consecuencia de las tasas de reposición cero de los ejercicios 2012 al 2015, que provocaron la imposibilidad de incorporar, a las correspondientes ofertas de empleo público, las plazas que en esos momentos se estaban ocupando en régimen de interinidad”.

4. Resulta preciso, xa que logo, determinar en primeiro lugar as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. O Concello de Rodeiro carece de Relación de Postos de Traballo (RPT) polo que resulta preciso acudir ao último cadro de persoal incluído na aprobación do orzamento xeral en vigor.
5. O Concello de Rodeiro ten a esta data prorrogado por quinto ano consecutivo o orzamento do exercicio de 2017, aprobado polo Pleno en data 28 de novembro de 2017 e publicado definitivamente no BOP núm. 248, de data 29 de decembro de 2017.
6. O cadro de persoal aprobado no dito orzamento e referente ás prazas de carácter temporal estrutural (laboral indefinido e temporal) foi o seguinte:

C/ PERSOAL LABORAL INDEFINIDO

DENOMINACIÓN	Nº	XORNADA	VACANTE
Arquitecto Técnico	1	Completa	0
Auxiliar SAF dependencia	2	15 h./semana	0
Auxiliar SAF dependencia	6	Completa	0
Auxiliar SAF	1	25 h./semana	0
Peón Servizos Diversos	2	Completa	0
Conductor camión do lixo	1	Completa	0
AEDL	1	Completa	0
Mestra PAI	2	Completa	0
Monitor deportivo	1	25 h./semana	0
Técnico informático	1	25 h./semana	0
Técnica medio ambiente	1	Completa	0
Educadora familiar	1	Completa	0

D/ PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº	XORNADA	VACANTE
Limpadora	1	Completa	0
Socorrista Piscina (2,5 meses)	1	Completa	1
Auxiliar SAF dependencia	1	20 h./semana	1
Auxiliar SAF dependencia	2	Completa	2

7. É preciso resaltar que, dun cadro de persoal integrado por 32 traballadores/as (funcionarios e laborais), 25 son de carácter temporal, o que supón unha porcentaxe do 78,12 por cento, moi lonxe do obxectivo límite do 8 por cento de taxa de cobertura temporal de prazas estruturais.
8. Consta no expediente unha proposición da Alcaldía sen asinar, así como a acta da reunión da Mesa de Negociación do persoal laboral, que tivo lugar o día 26 de abril do corrente, debidamente asinada polos representantes. Na dita reunión acordouse por unanimidade propoñer ao órgano competente do Concello a inclusión na oferta pública de emprego das seguintes prazas:

Prazas incursas no disposto pola disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, correspondentes a prazas estruturais do Concello de Rodeiro e desempeñadas por persoal con vinculación temporal. Convocarase un procedemento de selección excepcional polo sistema de concurso e por unha soa vez.

Nº	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
1	AEDL	A1	Completa	Libre

Nº	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
1	Arquitecto Técnico	A2	Completa	Libre
2	Mestra PAI	A2	Completa	Libre
1	Educador familiar	A2	Completa	Libre
1	Técnico de medio ambiente	B	Completa	Libre
1	Técnico Informático	B	Parcial (25 h/semana)	Libre
1	Monitor deportivo	B	Parcial (25 h/semana)	Libre
1	Socorrista	C2	Completa. Fixo discontinuo (2,5 meses/ano)	Libre
2	Peón servizos diversos	E	Completa	Libre
1	Condutor	E	Completa	Libre
7	Auxiliar do SAF	E	Completa	Libre
2	Auxiliar do SAF	E	Parcial (15 h/semana)	Libre
1	Limpador	E	Completa	Libre

Prazas incursas no disposto polo artigo 2.1 da Lei 20/2021, correspondentes a prazas estruturais do Concello de Rodeiro e desempeñadas por persoal con vinculación temporal. Convocarase un procedemento de selección polo sistema de concurso-oposición.

Nº	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
2	Auxiliar do SAF	E	Completa	Libre
1	Auxiliar do SAF	E	Parcial (20 h/semana)	Libre

9. A Secretaría municipal emite informe favorable con data 16 de maio do corrente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL): artigos 21.1 g) e 91.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local: artigo 128.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: artigos 11, 37, 69 e 70.
- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público: artigo 2, Disposicións adicionais primeira, cuarta, sexta, oitava e novena e Disposición transitoria primeira.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar, de conformidade co disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29/12/21), a Oferta de Emprego Público excepcional correspondente ás seguintes prazas estruturais de persoal laboral con vinculación temporal:

a) Disposición adicional sexta da Lei 20/2021:

Núm. Prazas	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
1	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL)	A1	Completa	Libre
1	Arquitecto Técnico	A2	Completa	Libre
2	Mestra Punto de Atención á Infancia (PAI)	A2	Completa	Libre
1	Educador familiar	A2	Completa	Libre
1	Técnico de medio ambiente	B	Completa	Libre
1	Técnico Informático	B	Parcial (25 h/semana)	Libre
1	Monitor deportivo	B	Parcial (25 h/semana)	Libre

Núm. Prazas	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
2	Peón servizos diversos	AP (DA 6ª EBEP)	Completa	Libre
5	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	AP (DA 6ª EBEP)	Completa	Libre
1	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	AP (DA 6ª EBEP)	Parcial (15 h/semana)	Libre

Sistema de selección: concurso

b) Disposición adicional oitava da Lei 20/2021:

Núm. Prazas	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
1	Socorrista	C2	Completa. Fijo descontinuo (2,5 meses/ano)	Libre
1	Condutor recollida do lixo	AP (DA 6ª EBEP)	Completa	Libre
2	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	AP (DA 6ª EBEP)	Completa	Libre
1	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	AP (DA 6ª EBEP)	Parcial (15 h/semana)	Libre
1	Limpador	AP (DA 6ª EBEP)	Completa	Libre

Sistema de selección: concurso

c) Artigo 2.1 da Lei 20/2021

Núm. Prazas	Denominación	Grupo	Xornada	Quenda
2	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	AP (DA 6ª EBEP)	Completa	Libre
1	Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)	AP (DA 6ª EBEP)	Parcial (20 h/semana)	Libre

Sistema de selección: concurso-oposición

Segundo.- Articular os correspondentes procesos selectivos que, en todo caso, garantirán os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade. As convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na presente oferta de emprego público deberán producirse antes do día 31 de decembro de 2022, e súa resolución deberá rematar antes do día 31 de decembro de 2024.

Terceiro.- Trasladar o presente acordo á Administración Xeral do Estado, a través da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, aos efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Cuarto.- Publicar a oferta aprobada no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), con anterioridade ao día 1 de xuño de 2022.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos/ás traballadores/as que desempeñan postos nas prazas obxecto da oferta, así como ás organizacións sindicais que participaron na Mesa de Negociación.

6.- CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO-ENCARGADO DO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes que o día 18 de maio do corrente rematou o proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de administrativo-encargado do Centro Cultural Municipal, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 20 de abril de 2022.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo eleva a este órgano, segundo o establecido na Base décima, a proposta de contratación da aspirante que obtivo a maior puntuación total, segundo a seguinte relación:

CANDIDATO/A	VALORACIÓN DE MÉRITOS				PUNTUACIÓN TOTAL
	TITULACIÓN SUPERIOR	FORMACIÓN ESPECÍFICA	EXPERIENCIA PROFESIONAL		
			AA.PP.	PRIVADO	
PANADEIROS BARREIRO, MARÍA JESÚS	1,50	1,50	2,25	0,775	6,000
GARCÍA MOLINA, MARÍA DEL CARMEN	--	0,50	--	--	0,500

CANDIDATO/A	VALORACIÓN DE MÉRITOS				PUNTUACIÓN TOTAL
	TITULACIÓN SUPERIOR	FORMACIÓN ESPECÍFICA	EXPERIENCIA PROFESIONAL		
			AA.PP.	PRIVADO	
ÁLVAREZ MOREIRA, LOURDES	1,00	0,60	--	--	1,600
VÁZQUEZ CRESPO, NURIA	1,00	0,50	--	--	1,500
LÓPEZ PIÑEIRO, JAVIER	1,50	1,00	--	0,375	2,875
SANTOMÉ GONZÁLEZ, ALFONSO	1,00	--	--	--	1,000
ALONSO VILARIÑO, CONSUELO	--	0,50	--	2,750	3,250
DÍAZ LÓPEZ, LETICIA	--	0,50	--	1,375	1,875
GONZÁLEZ ESTÉVEZ, YANIRA	1,50	0,50	--	--	2,000
COUTO VIANA, CRISTINA	1,00	0,50	0,30	1,275	3,075
GONZÁLEZ AMOSA, RAQUEL	--	--	--	--	0,000
ÁLVAREZ SÁNCHEZ, VÍCTOR	--	1,50	--	--	1,500

Corresponde, en consecuencia, a contratación da candidata María Jesús Panadeiros Barreiro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ratificar o acordo do Tribunal cualificador en relación á desestimación da reclamación presentada polo candidato Don Víctor Álvarez Sánchez referente á non valoración de titulación universitaria, polos motivos específicos que constan na acta do Tribunal.

Segundo.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo, por substitución do traballador Don José Carballo Suárez, en situación de baixa por IT, no posto de traballo de administrativa-encargada do Centro Cultural Municipal e coas condicións establecidas na Base segunda reguladora do proceso selectivo, da seguinte traballadora:

MARÍA JESÚS PANADEIROS BARREIRO	
---------------------------------	---

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

7.- ESTABLECEMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PROVER EVENTUAIS VACANTES NO POSTO DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO-ENCARGADO DO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL

De conformidade co establecido na Base undécima do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de administrativo-encargado do Centro Cultural Municipal, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 20 de abril de 2022, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Constituír a seguinte bolsa de emprego cos/coas candidatos/as que superaron o proceso de selección e non resultaron/an contratados/as, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por incapacidade temporal, vacacións, ou vacantes. A bolsa está ordenada segundo a puntuación obtida no proceso selectivo e a orde de chamamento dos/as aspirantes inscritos/as na bolsa neste Concello será pola orde do/a que figure no primeiro lugar da lista:

1. Alonso Vilariño, Consuelo
2. Couto Viana, Cristina
3. López Piñeiro, Javier
4. González Estévez, Yanira
5. Díaz López, Leticia
6. Álvarez Moreira, Lourdes
7. Vázquez Crespo, Nuria
8. Álvarez Sánchez, Víctor
9. Santomé González, Alfonso
10. García Molina, María del Carmen
11. González Amosa, Raquel

Segundo.- A bolsa de emprego terá unha vixencia máxima de tres anos.

8.- MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O PROXECTO DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 3 de maio do corrente, solicitouse á Deputación Provincial unha subvención por importe de 13.200,00 € para o proxecto “Primeira Experiencia Profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do programa Plan de fomento da empregabilidade (BOP núm. 74, do 19/04/22). No apartado quinto do acordo establecíanse as retribucións brutas do/a traballador/a que se contrate a través dese plan, en cómputo mensual. Porén, ao existir unha discrepancia en referencia á cotización empresarial á Seguridade Social dese tipo de contratos, resulta preciso modificar parcialmente o acordo inicialmente adoptado ao obxecto de que dita cantidade coincida co criterio establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar o apartado quinto do acordo adoptado por este órgano, en data 03/05/22, substituíndo a súa redacción íntegra orixinal pola seguinte:

“Quinto.- Ao non existir no Concello convenio ou táboa salarial de aplicación, acórdase fixar as retribucións salariais brutas do/a traballador/a que se contrate a través deste plan, en cómputo mensual e de conformidade co disposto no Anexo II das Bases, da seguinte forma:

RETRIBUCIÓN TOTAL CONTRATO (incluído soldo, pagas extras e complementos salariais)	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COSTE TOTAL MENSUAL DO POSTO DE TRABALLO
1.341,63 €	423,28 €	1.764,91 €

Segundo.- Manter a vixencia dos restantes apartados do acordo orixinal.

9.- CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL, CURSO 2021-2022

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria urxente celebrada o día 12 de decembro de 2015, acordou aprobar de xeito definitivo a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal. Dita Ordenanza foi modificada parcialmente por acordo plenario de data 2 de marzo de 2017.

Segundo.- Os textos definitivos da Ordenanza e da súa modificación foron publicados no Boletín Oficial da Provincia núm. 244 e 93, correspondentes aos días 18/12/15 e 16/05/17 respectivamente.

Terceiro.- O apartado 5 da Ordenanza dispón literalmente: *“Anualmente a Xunta de Goberno Local realizará no mes de maio a convocatoria específica para o curso académico iniciado o ano anterior”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria específica para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal, correspondentes ao curso académico 2021-2022.

Segundo.- Establecer a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) como contía máxima global das axudas a conceder na presente convocatoria, con cargo á partida orzamentaria 320/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2022.

Terceiro.- Publicar a correspondente convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

10.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Dáse conta que con data 9 de maio de 2022 o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 de Lalín ditou sentenza, en autos de xuízo verbal

núm. [REDACTED], co fallo que deseguido literalmente se transcribe: “*Que debo desestimar y desestimo la demanda interpuesta por el procurador de los tribunales don Jesús Martínez Melón, en nombre representación de GESICO COMPRA DE IMPAGADOS, SL contra CONCELLO DE RODEIRO, absolviendo a la demandada de todos los pedimentos cursados en su contra. Se imponen las costas a la parte actora*”.

Infórmase que dita sentenza é firme en canto non cabe interpoñer contra ela recurso ordinario algún.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- HOSTAL CARPINTEIRAS S.L. 511,98 €
Por xantar protocolario da Alcaldía, s/factura núm. A/96.
- SERTECO-OR S.L. 296,17 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A586 e 22A587 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 1.113,20 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 001076.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 7,74 € E 15,51 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de abril de 2022, s/facturas núm. 4003380766 e 4003380767 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO 1.000,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/certificado.
- YOLANDA AGUIAR JORGE 79,56 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).

- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 73,44 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 73,44 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- FRANCISCO JAVIER LAMAZARES GARCÍA 79,56 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 91,78 € E 91,78 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019 e 2020), s/minutas (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 91,78 € E 91,78 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019 e 2020), s/minutas (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ 85,66 € E 85,66 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019 e 2020), s/minutas (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- Mª LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 85,66 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2019), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- RAQUEL BLANCO VALLADARES 85,66 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de selección de persoal (2020), s/minuta (Base 8ª A orzamento prorrogado en vigor).
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 6.635,68 € E 1.938,86 €
Honorarios por dirección facultativa de obras incluídas no Plan Concellos 2020, s/facturas núm. 004/2022 e 005/2022.

- M^a ELENA SOMOZA CALVIÑO 1.658,92 € E 484,71 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obras do Plan Concellos 2021, s/facturas núm. 03/2022 e 04/2022.
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 €
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/factura núm. 20221296.
- ADRIÁN PÉREZ PORTELA 99,75 €
Por subministro de material deportivo para o programa “O Espertador”, s/factura núm. A/80.
- FERRODEIRO S.L. 1.969,96 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001075.
- COSAPLAG S.L.U. 174,26 € E 88,44 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20221304 e 20221311 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.204,99 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de abril de 2022, s/factura núm. 2022/1154 (FACe).
- NOROINSTAL S.L. 4.678,37 €
Por colocación de alumeado ornamental para as festas de Nadal, s/factura núm. 24 22.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.063,83 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041168083 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 2.558,26 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000181 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)